



**Confederación Intersindical Galega**

**Sección Sindical CIG Telefónica**

**[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)**

## **ATE O DÍA 7 A EMPRESA AÍNDA ESTÁ A TEMPO**

**O día 7 de novembro celebrarase o xuízo contra as sancións de despedimento que a Empresa aínda mantén contra tres delegados do Comité de Madrid.**

Ate agora, o posicionamento das distintas forzas sindicais sobre as sancións, non deixa lugar a ningún tipo de dúbidas: están os que se posicionaron dende o primeiro momento facendo seus os argumentos da empresa xustificando as sancións, e os que como a C.I.G. xunto co resto de forzas sindicais que formamos a "Coordinadora de Burgos" defendemos como única posición, fora de calquera outra consideración, a retirada dos despedimentos e sancións ós delegados e delegada.

Gran parte dos compañeiros e compañeiras concienciados da gravidade da decisión da Empresa, acordamos levar adiante unha serie de mobilizacións, primeiro de 1 hora de paro á semana no mes de setembro, que logo foi un paro de 3.5 horas no mes de outubro.

O obxectivo de mudar a convocatoria, foi o de facilitar en todo momento por parte do comité de folga o diálogo coa Empresa para acordar a retirada de todos os despedidos e negociar unha solución para todas as sancións. O despido foi substituído a dous delegados por 45 días sen emprego e soldo, pero non como consecuencia do diálogo, senón a cambio de aceptar a coacción e chantaxe da empresa. Tres compañeiros delegados sindicais decidiron non ceder á chantaxe polo que o próximo 7 de Novembro se celebrará o xuízo en Madrid.

Co motivo de apoiar "in situ" á compañeira e ós compañeiros despedidos, para o que facía falla dispor de todo o día, os sindicatos que decidiron organizar o desprazamento acordaron convocar un paro de xornada completa.

A CIG, en plena sintonía co resto dos sindicatos de Burgos nesta loita, e por suposto apoiando e arroupando ós delegados despedidos decidimos facer unha convocatoria de 3,5 horas que facilite ós compañeiros de Galicia participar no apoio dos despedidos.

Apoiamos a convocatória de xornada completa do resto de sindicatos da Coordinadora de Burgos e engadimos a nosa convocatória para tratar de darlle máis forza á mobilización en Galicia.

Trátase nesta ocasión de deixar patente ante a empresa que, con independencia da nosa afiliación sindical, non aceptamos que se intente condicionar a acción sindical e que non imos a permitir que se nos cercene o dereito de rexeitar e manifestar a nosa oposición ós plans da empresa cando consideremos que atentan contra os nosos intereses.

**PARTICIPA, ESTA É A TÚA LOITA**  
**POR SOLIDARIEDADE E POLO TEU FUTURO**

4 de novembro de 2008

---

**[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)**